cREAgal

Manual de canles de comunicación oral



Este manual axudarache a escoller a mellor canle de comunicación oral para as túas necesidades.

cREAgal

Índice



Introdución 1

Canle de comunicación oral presencial 2

Canle de comunicación oral telefónica 3

Canle de comunicación oral videoconferencia 4

Introdución





A **comunicación oral** é unhas das maneiras máis sinxelas e naturais para o intercambio de información e ideas.

A interacción oral en grupo é sen dúbida unha boa maneira de practicar esas habilidades. Se as traballas **conseguirás expresar mellor as túas ideas** diante dun público.

É importante ter **habilidades tecnolóxicas** para poder usar a canle de comunicación oral que precisemos.

A **elección da canle** dependerá do contexto da comunicación e da dispoñibilidade de estar no mesmo lugar que as persoas implicadas.

Canle de comunicación oral presencial

Comunicación directa, en persoa na mesma localización ou espazo físico.

- ***Vantaxes***:
  - Permite a interacción directa.
  - Facilita a expresión de emocións.
  - Favorece unha comunicación máis completa e rica.
- ***Limitacións***:
  - Hai que estar no mesmo sitio ao mesmo tempo.

Escolle este tipo de canle se:

- A persoa ou persoas coas que precisas falar están contigo no mesmo espazo físico.

Cando usala?

Podes usala na conversa con amizades, exposicións na aula, na vida diaria cando vas mercar algo...

Canle de comunicación oral telefónica

Realízase a través de dispositivos telefónicos.

- ***Vantaxes***:
  - posibilita a comunicación en tempo real sen necesidade de estar fisicamente presente.

- ***Limitacións***:
  - Non ves a outra persoa, o que pode dificultar a comprensión completa.
  - Dependes da calidade da cobertura e da conexión para ter unha boa comunicación.

Escolle este tipo de canle se:

- Non podes estar no mesmo espazo físico que a persoa ou persoas coas que precisas falar.

Cando usala?

É moi útil cando hai emerxencias e precisas un contacto rápido.

Canle de comunicación oral videoconferencia

Combina vídeo e audio para permitir a comunicación en tempo real a través de medios dixitais.

- ***Vantaxes***:
  - Máis completa que a comunicación telefónica, ao poder ver a outra persoa
  - É útil para reunións cando non se pode estar fisicamente no mesmo lugar que as outras persoas.

- ***Limitacións***:
  - Podes ter problemas de conectividade.
  - A falta de contacto físico real pode facer que a comunicación non sexa de todo eficiente.

Escolle este tipo de canles se:

- Vas precisar estar moito tempo falando con alguén na distancia
- Precisas compartir algunha cousa do teu ordenador.

Cando usalo?

Nos traballos en grupo é moi útil

"Manual de canles de comunicación oral", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0